

JOSEPH HALL

Un mundo distinto e igual

Traducido por Alfonso Blanco



Hugin e Munin

OCASIÓN DA VIAXE

e

Προπαρασκευάσμα⁹

Ben saben os membros da nosa Universidade¹⁰ que hai tempo eu tiven trato con estranxeiros de toda procedencia, e abondoso testemuño diso existe, aínda hoxe, nos seus libros φιλιώτικοι¹¹ e nas súas cartas. Non sei se me impulsou a facer tal cousa aquilo que di Homero,

πρὸς γὰρ Διὸς εἰσιν ἅπαντες
ξείνοί τε πτωχοῖ τε¹²

ou se todo se debeu, máis ben, ao carácter daquelas persoas e ao agasalleiro trato que me dispensaron, así como á innata sede e degoiro do meu espírito, xurdido dun extremo afán por aprender: en efecto, non é posible que pasase por alto nada digno de salientar –con independencia de onde acontecese– pois dende sempre fun un absoluto curioso, emulando neste sentido aos atenienses.

Continúo. En certa ocasión tiven unha longa conversa cos meus amigos, o francés Pedro Beroaldo e o belga

⁹Léase «proparaskéuasma». Significa «preparativos».

¹⁰Refírese á comunidade académica da Universidade de Cambridge.

¹¹Léase «filiótikoi». Significa «amigables».

¹²*Odisea*, 6, 207-208 (repetido na mesma obra, en 14, 57-58). Pódese traducir como: «Todos, estranxeiros e pobres, están baixo a protección de Zeus».

Adriano Cornelio Droguio¹³, sobre a utilidade de viaxar. Nela xurdiu un amigable debate no que comparamos, en ton distendido, leis, costumes, linguas e cidades. E dixo Beroaldo:

—Eu non acabo de saber que é iso de viaxar. Dáselle seguido tal nome ao feito de cruzar a fronteira patria, pisar a terra veciña, sucар un pequeno brazo de mar ou un río (como o Tweed ou o Rin), ao tempo que se goza da vista do mesmo ceo e das mesmas estrelas, e mesmo sen apreciar apenas cambios na paisaxe. Se é iso, non vexo que ten de arduo ou de nobre. Os meus queridos pais e as miñas moitas amizades de Montauban levan tempo insistindo en que torne á miña casa, coma se eu estivese moi lonxe. Polo que a min respecta —e non sigo a moi abstrusa opinión de Sócrates¹⁴—, a miña percepción é que estes últimos dous anos os pasei na casa, pois é moi pouca a distancia que hai de Montauban a París, de París a Calais, e de Calais a Dover. Pensando nas dimensións da Terra, paréceme que esa distancia é a dun cóbado; nun mapa, sería o ancho dun dedo¹⁵; e, se miro para o ceo, non percibo movemento ningún. Non vexo por que Europa é menos patria miña ca Francia: se prestamos atención á diversidade lingüística, quen ignora que no continente europeo, na mesma Francia, hai un feixe de

¹³Pedro Beroaldo é, en realidade, François Béroalde de Verville (París, 1556-Tours, 1626), novelista, poeta e intelectual francés. Pola súa parte, Droguio é máis difícil de identificar, aínda que o candidato máis probable é o teólogo neerlandés coñecido co nome latinizado de Hadrianus Cornelius Drogus, que viviu de a cabalo entre os séculos XV e XVI.

¹⁴O escritor e político romano Marco Tulio Cicerón (Arpinum, 100-Roma, 43 AEC), conta na súa obra *Tusculanae Disputationes* («Os debates de Tusculum», XXXVII, 108), que en certa ocasión lle preguntaron ao filósofo grego Sócrates (Atenas, 470-399 AEC) cal era a súa patria; el contestou: «O mundo».

¹⁵Antigas medidas de lonxitude, equivalentes a uns 44 e 2 centímetros, respectivamente.

